As variacións nos artigos 70, 71 e 73 están motivadas fundamentalmente polo papel no financiamento da I+D competitiva, que pasou progresivamente de ser asumido por distintos Ministerios (en particular o MINECO) á Axencia Estatal de Investigación (AEI). Para facer unha análise comparativa, sería oportuno considerar estes artigos no seu conxunto, ademais do que se indica no parágrafo seguinte.

Os instrumentos de financiamento da I+D veñen determinados polo financiador, en particular nas convocatorias estatais e non sempre tiña forma de subvención. É importante destacar que ata o exercicio 2019 unha parte importante deste financiamento se recibía a través do capítulo IX, en forma de anticipos transformables en subvención, en particular aqueles fondos procedentes do FEDER.

Tamén hai que considerar que os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) que se perciben na súa totalidade no exercicio 2022 pero a súa execución se realiza en exercicios futuros, están contabilizados no capítulo IX.

Polo tanto, para unha visión comparativa os fondos que se reciben a través do capítulo VII deben considerarse de forma conxunta co financiamento da I+D recollido no capítulo IX.

O financiamento (autonómico, estatal e europeo) das actividades competitivas de I+D+i nun ciclo curto de tempo pode ofrecer resultados pouco homoxéneos, por tres razóns principais:

- Os ciclos de inicio e fin da vixencia das diferentes convocatorias é decidida polo financiador. Sucede en ocasións que o financiamento dalgunha convocatoria empeza a súa vixencia no exercicio seguinte ao previsto.
- A propia dinámica temporal desas convocatorias. Como exemplo, as axudas para o financiamento das infraestruturas científicas convócanse cada dous, tres ou máis anos.
- A capacidade de captación de fondos para I+D+i por parte dos investigadores e grupos de investigación da USC, tanto públicos como privados, mantén unha tendencia alcista nos últimos exercicios, no ano 2021 experimentou un aumento substancial e novamente no ano 2022, neste caso fundamentalmente por proxectos vinculados aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Mostramos na táboa seguinte os fondos do PGFU que corresponden a transferencias de capital. O resto das partidas do Plan, que corresponden a transferencias correntes, foron detalladas no cadro 19:

Partida de ingresos		Dereitos recoñecidos	Dereitos cobrados	Dereitos pendentos de cobro a 31/12/2022
75001	PGFU. Panel de indicadores (cap VII)	13.867.058,32	13.867.058,32	-
75002	PGFU. Mantemento de infraestruturas	3.585.862,57	3.585.862,57	-
75005	PGFU. Transferencias para I+D+I	22.543.548,02	6.275.876,06	16.267.671,96

Cadro 23

Inclúense tamén, dado que forman parte do PGFU, os fondos captados en convocatorias competitivas para actividades e proxectos de I+D. Nesta partida salientamos o volume de dereitos pendentos de cobro a final de exercicio, que dá unha idea dos fondos que a USC debe anticipar para executar estas actividades.

CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS

Este capítulo comprende os créditos non obrigados a 31/12/2021 incorporados ao orzamento de 2022, que correspondían a ingresos finalistas que teñen o seu correspondente crédito afectado de gastos. Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos efectivos no exercicio 2022.

No seguinte cadro dáse conta do capítulo de variación activos financeiros. É dicir, o financiamento de créditos no exercicio corrente co remanente de tesourería dos respectivos exercicios anteriores. Dado que con este financiamento se dotan partidas específicas no orzamento de gastos, infórmase dos capítulos de gasto no que se incorpora o remanente.

Capítulo de gastos	Créditos incorporados ao exercicio 2018	Créditos incorporados ao exercicio 2019	Créditos incorporados ao exercicio 2020	Créditos incorporados ao exercicio 2021	Créditos incorporados ao exercicio 2022
II. Gastos en ben correntes e servizos	2.143.163,68	1.977.157,39	2.127.376,39	3.619.503,89	3.040.683,06
IV. Transferencias correntes	1.919.647,99	1.146.543,71	1.426.318,39	2.435.370,79	1.429.120,94
VI. Investimentos reais	27.137.923,28	29.228.973,59	32.405.480,53	36.561.255,39	41.810.158,73
TOTAIS	31.200.734,95	32.352.674,69	35.959.175,31	42.616.130,07	46.279.962,73

Cadro 24

Na Memoria económica dáse unha explicación máis detallada destas operacións.

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS

Neste capítulo recóllese os anticipos concedidos a conta de fondos FEDER ou FSE pola Axencia Estatal de Investigación (antes da creación da Axencia proviñan do Ministerio de Economía e Competitividade), para o financiamento de proxectos de I+D+i, programas de incorporación de recursos humanos e infraestruturas de investigación, logo da resolución das respectivas convocatorias competitivas.

Dado que son anticipos recibidos, e en tanto non se cancelan tal como se describe no parágrafo seguinte, as cantidades recibidas por estes conceptos incrementan a débeda da USC.

Agora ben, como pode verse, este instrumento de financiación deixou de usarse practicamente pola Axencia Estatal de Investigación a partir de 2019; na actualidade os ditos fondos recíbense na súa totalidade como subvencións (capítulo VII).

Porén, como xa se sinalou, no ano 2022 contabilízanse no capítulo IX os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) que se perciben na súa totalidade no exercicio 2022 pero a súa execución se realiza en varios exercicios.

Variación de pasivos financeiros	Exercicio 2019	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Exercicio 2022
Previsións iniciais	5.847.000,00	5.530.000,00	2.730.000,00	-
Dereitos recoñecidos	5.018.420,98	309.903,46	2.061,60	11.830.617,36

Cadro 25

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

No presente apartado analizaremos a execución do orzamento de gastos desde un punto de vista global, e ofrecerase información da evolución nos últimos exercicios.

Posteriormente examinaranse os gastos a un nivel de maior detalle, analizando a composición de cada un dos capítulos da clasificación económica.

Tamén incluímos neste apartado información da execución de gastos e ingresos da Comisión Interuniversitaria do SUG en 2022.

Informe de xestión 2022

Execución global do orzamento de gastos no exercicio 2022, por capítulo:

Capítulo	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas	Pagamentos	Pendente pagamento a 31/12/2022
I.Gastos de Persoal	163.025.000,00	164.744.882,40	162.952.242,39	161.239.197,86	1.715.774,62
II.Gastos en bens correntes e servizos	27.697.270,00	33.199.167,79	28.692.155,14	25.211.679,53	3.482.941,46
III.Gastos Financeiros	625.000,00	624.198,92	577.603,27	541.930,70	35.680,51
IV. Transferencias correntes	3.999.625,00	5.438.502,99	4.324.563,39	4.362.818,32	107,58
GASTOS CORRENTES	195.346.895,00	204.006.752,10	196.546.564,19	191.355.626,41	5.234.504,17
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000,00	128.659,00	0,00	0,00	0,00
VI. Investimentos Reais	76.240.180,00	141.056.011,21	78.633.232,99	73.912.620,18	4.790.594,32
VII. Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
GASTOS DE CAPITAL	76.990.180,00	141.184.670,21	78.633.232,99	73.912.620,18	4.790.594,32
GASTOS NON FINANCEIROS	272.337.075,00	345.191.422,31	275.179.797,18	265.268.246,59	10.025.098,49
VIII, Variación de Activos Financeiros	0,00	861.844,00	861.064,00	861.064,00	0,00
IX. Variación de Pasivos Financeiros	2.625.000,00	3.260.688,22	3.052.671,08	2.769.909,65	282.761,43
GASTOS FINANCEIROS	2.625.000,00	4.122.532,22	3.913.735,08	3.630.973,65	282.761,43
TOTAIS	274.962.075,00	349.313.954,53	279.093.532,26	268.899.220,24	10.307.859,92

Cadro 26

Informe de xestión 2022

Obrigas contraídas por capítulo nos últimos catro exercicios:

Capítulo	2019	2020	2021	2022
I.Gastos de Persoal	149.460.231,32	152.796.846,87	156.721.907,82	162.952.242,39
II.Gastos en bens correntes e servizos	30.570.052,57	28.096.790,82	27.351.443,86	28.692.155,14
III.Gastos Financeiros	416.537,59	495.635,40	352.935,37	577.603,27
IV. Transferencias correntes	3.657.190,80	2.699.579,52	4.050.432,97	4.324.563,39
V. Fondo de imprevistos	-	-	-	
GASTOS CORRENTES	184.104.012,28	184.088.852,61	188.476.720,02	196.546.564,19
VI. Investimentos reais	63.702.073,97	60.278.432,41	79.410.586,22	78.633.232,99
VII. Transferencias de capital	-	-	-	
GASTOS DE CAPITAL	63.702.073,97	60.278.432,41	79.410.586,22	78.633.232,99
GASTOS NON FINANCEIROS	247.806.086,25	244.367.285,02	267.887.306,24	275.179.797,18
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	-	861.064,00
IX. Variación de pasivos financeiros	2.827.744,58	4.003.939,43	3.164.253,86	3.052.671,08
GASTOS FINANCEIROS	2.827.744,58	4.003.939,43	3.164.253,86	3.913.735,08
TOTAIS	250.633.830,83	248.371.224,45	271.051.560,10	279.093.532,26

Cadro 27

GASTOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

A actual clasificación funcional do orzamento de gastos precisa ser reformada e desenvolvida para poder converterse nun sistema útil de categorización dos gastos en función dos obxectivos que se queren acadar.

Na actualidade esta clasificación permite aproximarse a ese obxectivo, pero tamén recolle información sobre a afectación ou non dos créditos. Nas táboas seguintes ofrécese esta información.

Grupo de función	Crédito inicial		Crédito definitivo		Obrigas	
	Afectado	Non afectado	Afectado	Non afectado	Afectado	Non afectado
Docencia	1.175.250,00	182.500,00	2.881.406,43	697.139,20	2.204.677,26	607.767,59
Servizos comúns á docencia e á investigación	9.728.712,00	199.095.513,00	5.889.587,23	203.241.826,06	2.814.820,12	198.316.225,58
Investigación	57.300.000,00	1.725.000,00	117.746.712,79	7.882.532,99	62.445.341,05	4.606.730,75
Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria	250.000,00	1.505.100,00	4.736.598,09	1.942.605,60	2.986.805,22	1.238.927,46
Gastos e pasivos financeiros		4.000.000,00	32.000,00	4.263.546,14	20.091,48	3.852.145,74
TOTAIS	68.453.962,00	206.508.113,00	131.286.304,54	218.027.649,99	70.471.735,13	208.621.797,12
		274.962.075,00		349.313.954,53		279.093.532,25

Cadro 28

A continuación agrúpanse os datos anteriores, prescindindo do seu carácter afectado ou non afectado.

Grupo de función	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Gastos autorizados	Obrigas contraídas
Docencia	1.357.750,00	3.578.545,63	2.814.057,88	2.812.444,85
Servizos comúns á docencia e á investigación	208.824.225,00	209.131.413,29	201.446.963,05	201.131.045,70
Investigación	59.025.000,00	125.629.245,78	67.155.020,75	67.052.071,80
Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria	1.755.100,00	6.679.203,69	4.227.546,31	4.225.732,68
Gastos e pasivos financeiros	4.000.000,00	4.295.546,14	3.872.230,16	3.872.237,22
TOTAIS	274.962.075,00	349.313.954,53	279.515.818,15	279.093.532,25

Cadro 29

A partir do exercicio 2015, en aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, os créditos diferéncianse entre afectados ou finalistas e non afectados. Os primeiros son os que teñen un financiamento externo específico e os segundos son os que están financiados con fondos xerais incondicionados.

Como en anos anteriores, o nivel de execución dos gastos no conxunto de partidas de créditos non afectados foi moi alto.

No seguinte cadro recóllense os datos de crédito e execución dos últimos catro anos, descontando o efecto da incorporación de remanentes, observándose que no exercicio 2022 o nivel de execución no conxunto de partidas de créditos afectados foi menor a senda dos últimos catro anos, principalmente pola elevada percepción de fondos afectados a finais do exercicio, moitos con carácter plurianual, o que imposibilitou a súa execución.

Tipo de créditos e execución		2019	2020	2021	2022
Créditos non afectados	Crédito total	176.464.614	186.032.756	203.238.170	218.027.650
	Gasto executado	173.074.993	174.765.272	195.621.376	208.621.797
	% execución	98,08%	93,94%	96,25%	95,69%
Créditos afectados	Crédito total	72.064.556	68.397.877	76.022.460	73.798.475
	Gasto executado	77.558.838	73.605.953	75.430.184	70.471.735
	% execución	107,62%	107,61%	99,22%	95,49%

Cadro 30

Nos cadros 28 e 29 informábase, para os grupos de función, desagregados e agrupados, a execución dos seus créditos. Na epígrafe, “Servizos comúns á docencia e á investigación” (inclúe grupos de función 3 e 8), está incluído integramente o capítulo I de gastos de persoal e, por esa razón, concentra o 72,07% do gasto (70,40% o ano anterior). Na epígrafe “Docencia” (inclúe grupos 1 e 6, así como os grupos E, F e M), están incluídos os créditos dos estudos oficiais e propios. Na epígrafe “Investigación”, (inclúe grupos 2, 7 e todos os demais cun dígito [A-Z] excluídos E, F e M), inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación. Na epígrafe “Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria”, (inclúe grupos 4 e 9) inclúense os créditos e gastos de actividades de extensión universitaria en xeral. Por último, o grupo 5, contén os créditos para gastos financeiros e fondo de continxencia (non afectados).

A diferenciación a través da clasificación funcional e da económica dos gastos permite, ademais do xa comentado, que os gastos teñan un tratamento fiscal diferenciado na dedución de IVE, en función do “sector económico” no que se encadren. Así, como criterio xeral teñen dedución do 100% todas as partidas de investigación; non teñen dedución ningunha as dos grupos de docencia, e por último deducen IVE na porcentaxe da prorrata anual que corresponda todas as demais.

Nos seguintes apartados achéganse datos dos gastos de cada capítulo por artigo orzamentario.

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

A porcentaxe de execución do capítulo I, “Gastos de persoal” foi do 98,91% (99,20 no exercicio anterior), considerando conxuntamente os créditos afectados e non afectados. Cómpre sinalar, que ao igual que nos últimos exercicios, a USC non superou o límite de masa salarial establecido na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A execución por artigos indícase na táboa seguinte:

Artigo orzamentario		Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas
11	Persoal eventual	146.800,00	146.800,00	147.440,24
12	Persoal funcionario	95.647.100,00	95.831.822,90	95.631.418,41
13	Persoal laboral	44.198.200,00	44.141.360,93	43.787.711,37
14	Persoal emérito	68.700,00	68.700,00	57.842,76
15	Incentivos ao rendemento	15.000,00	60.608,47	50.587,11
16	Cotas e gastos sociais	22.949.200,00	24.495.590,10	23.277.242,50
TOTAIS		163.025.000,00	164.744.882,40	162.952.242,39

Cadro 31

O artigo 16, ademais dos custos da cota patronal da Seguridade Social, comprende tamén os créditos destinados a acción social, que se executaron nos conceptos seguintes:

Concepto	Obrigas contraídas
Seguridade Social (cota patronal)	22.796.351,21
Axudas de matrícula	240.028,21
Axudas escolarización infantil, Campus de Lugo	5.482,99
Seguros do persoal	113.862,00
Formación de PAS	50.328,09
Programa de intercambio de PAS	71.190,00
TOTAL ARTIGO 16	23.277.242,50

Cadro 32

Informe de xestión 2022

No cadro seguinte vese a estrutura dos gastos segundo o tipo de persoal PDI (docente e investigador) e PAS (administración e servizos).

Tipo de persoal e vinculación	Retribucións brutas	% sobre total retribucións	Seguridade e accións social	Total gastos de persoal	% sobre gastos de persoal
PDI funcionario	74.608.741,85				
Profesorado emérito					
PDI laboral	24.393.380,03				
SUBTOTAL PDI	99.002.121,88	69,63%	9.360.598,31	108.362.720,19	66,50%
PAS funcionario	21.083.562,07				
PAS laboral	21.948.086,69				
PAS eventual	147.440,24				
SUBTOTAL PAS	43.179.089,00	30,37%	11.410.433,20	54.589.522,20	33,50%
TOTAIS	142.181.210,88		20.771.031,51	162.952.242,39	100,00%

Cadro 33

Aquí vemos a importancia relativa dos custos de persoal PDI e PAS. Como se pode ver mantéñense practicamente estables.

ANO	Persoal docente e investigador		Persoal de administración e servizos	
	% Retribucións sobre total	% sobre gastos de persoal	% Retribucións sobre total	% sobre gasto de persoal
2000	74,28	70,14	25,72	29,86
2001	75,15	70,92	24,85	29,08
2002	73,20	68,87	26,80	31,13
2003	72,59	67,80	27,41	32,20
2004	72,22	68,21	27,78	31,79
2005	72,55	69,02	27,45	30,98
2006	74,45	70,47	25,55	29,53
2007	75,27	71,18	24,73	28,82
2008	73,39	68,18	26,61	31,81
2009	72,44	68,58	27,56	31,42
2010	72,27	68,28	27,73	31,72
2011	72,36	68,16	27,64	31,84
2012	73,02	68,72	26,98	31,28
2013	71,81	67,82	28,19	32,18
2014	71,65	67,73	28,35	32,27
2015	72,18	67,96	27,82	32,04
2016	72,55	68,99	27,45	31,11
2017	71,72	68,30	28,28	31,70
2018	71,12	67,68	28,88	32,32
2019	71,45	68,27	28,55	31,73
2020	70,42	67,09	29,58	32,91
2021	70,96	67,18	29,04	32,82
2022	69,63	66,50	30,37	33,50

Cadro 34

CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

No cadro seguinte especificáanse os gastos do capítulo II a nivel de artigo. Como en anos anteriores, destaca nesta información a importancia do artigo 22 sobre o resto. Inclúense aquí gastos tan relevantes como a limpeza, seguridade, subministracións enerxéticas, material funxible e o gasto en cursos de posgrao propio.

Artigo orzamentario	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas	Remanente incorporado a 2023	Remanente anulado
20. Arrendamentos	546.600,00	537.347,20	486.916,87	-	50.430,33
21. Reparación e conservación	3.178.300,00	3.243.780,79	2.741.904,65	-	501.876,14
22 .Material, subministracións e outros	23.708.370,00	28.273.328,47	24.750.659,42	1.131.756,58	2.390.912,47
23. Indemnizacións por razón do servizo	264.000,00	375.474,57	533.904,63	-	158.430,06
25. Estudos propios				454.554,19	
26. Gastos de funcionamento programas de mobilidade	-	647.540,13	65.443,65		582.096,48
27. Gastos funcionamento prestacións clinicas	-	121.696,63	113.325,92	8.370,71	-
TOTAIS	27.697.270,00	33.199.167,79	28.692.155,14	1.594.681,48	3.366.885,36

Cadro 35

A un maior nivel de detalle, vese que os gastos máis importantes son os que corresponden ao servizo de limpeza e as subministracións (enerxía eléctrica, gas e gasóleo para calefacción, e auga). Cómpre destacar a redución no gasto de limpeza por mor do encargo ao medio propio Fundación USC opción máis beneficiosa e o incremento en subministracións por mor da subida dos prezos da enerxía.

No cadro seguinte especificáanse a nivel de concepto:

Informe de xestión 2022

Concepto gasto	Obrigas 2021	Obrigas 2022	% variación
Arrendamentos	517.487,22	486.916,87	-5,91%
Reparación de edificios	387.158,50	213.422,70	-44,87%
Reparación e mantemento maquinaria, instalacións	1.443.202,52	1.545.304,51	7,07%
Reparacións e mantemento elementos de transporte	9.851,06	7.918,86	-19,61%
Reparación e mantemento mobiliario e equipamento	784.636,62	975.258,58	24,29%
Material de oficina non inventariable	1.263.300,76	1.389.724,71	10,01%
Subministracións	5.227.711,29	6.290.638,11	20,33%
Comunicacións	214.242,49	214.376,93	0,06%
Transportes	3.998,03	4.147,03	3,73%
Primas de Seguros	171.768,29	207.106,33	20,57%
Tributos	43.684,50	122.784,26	181,07%
Atencións protocolarias	44.813,78	87.130,16	94,43%
Información e divulgación	172.657,80	180.642,31	4,62%
Xurídicos	91.775,91	154.778,37	68,65%
Prácticas de campo	121.641,33	130.192,74	7,03%
Outros gastos diversos	510.075,95	478.543,50	-6,18%
Limpeza	8.118.596,65	7.544.349,39	-7,07%
Seguridade	1.478.442,41	1.498.225,51	1,34%
Outros traballos realizados por empresas	3.639.861,37	3.670.301,19	0,84%
Posgrao propio, cursos, conferencias, etc	1.632.868,02	1.640.291,93	0,45%
Extensión Universitaria	1.088.186,33	1.137.426,95	4,53%
Indemnizacións por razón do servizo	235.503,21	533.904,63	126,71%
Gastos funcionamento programas exterior	61.823,02	65.443,65	5,86%
Gastos funcionamento atencións clínicas	88.156,80	113.325,92	28,55%
TOTAIS	27.351.443,86	28.692.155,14	4,90%

Cadro 36

CAPÍTULO III. GASTOS FINANCEIROS

Os gastos financeiros acadaron a contía de 577,63 miles de euros en 2022.

Os xuros de préstamos bancarios incrementáronse porque neste ano produciuse un incremento dos tipos de xuros.

Os xuros de demora responden a reintegros esixibles por devolución de subvencións, tal e como se explica no apartado 5.3 reintegros de fondos.

Concepto de gasto	Obrigas contraídas 2019	Obrigas contraídas 2020	Obrigas contraídas 2021	Obrigas contraídas 2022
Xuros de préstamos	159.098,67	134.310,00	102.866,77	124.475,99
Outros gastos financeiros (comisións, avais)	130.139,55	123.948,76	142.377,41	140.094,17
Xuros de demora	125.850,77	237.376,54	107.691,19	313.033,11
TOTAIS	415.088,99	495.635,30	352.935,37	577.603,27

Cadro 37

CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No capítulo de transferencias correntes indícase, partida por partida, o destino destas no seguinte cadro:

Partidas	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas recoñecidas
Master Mundus en Lexicografía	0,00	5.000,00	5.000,00
Programa ERASMUS	1.800.000,00	436.288,09	0,00
Erasmus + KA103	0,00	1.432.107,00	1.415.784,33
Erasmus + KA107	0,00	1.134.173,46	949.496,00
Practicac extracurriculares.Programa Campus rural	0,00	7.443,18	6.913,12
Cota anual CRUE	20.000,00	20.000,00	20.000,00
Fundación Centro de estudos eurorrexionais	11.400,00	11.400,00	11.237,50
Subvención Fundación ROF CODINA	350.000,00	350.000,00	330.000,00
Museo do Pobo galego	1.000,00	1.000,00	625,00
Grupo Compostela	7.000,00	7.000,00	7.000,00
Patronato Casa da Troia	1.000,00	1.000,00	1.000,00
Fundación Dieta Atlántica	2.000,00	2.000,00	2.000,00
Fundación Rosalía de Castro	625,00	625,00	625,00
Fundación Triptolemos	2.600,00	2.600,00	2.592,00
Vicerreitoría de Estudantes e Cultura. Bolsas de estudo	3.500,00	10.889,50	4.915,85
Vicerreitoría de Estudantes e Cultura. Proxectos culturais	35.000,00	12.500,00	6.360,66
Promoción da actividade deportiva. Fundación USC	440.000,00	440.000,00	440.000,00
Vicerreitoría de Estudantes de Proxección Internacional. Bolsas inter	0,00	104.843,80	47.970,02
Vicerreitoría de Estudantes de Proxección Internacional. Bolsas Iberoamérica Gran	0,00	18.000,00	17.500,00
Practicac Fundación Once para alumnos discapacidade	0,00	9.850,00	9.806,86
Bolsas Nicolas Peña	0,00	112.408,39	0,00
Programa Santander: Participación da USC no programa Bolsas ao estudo	0,00	26.000,00	26.000,00
Consorcio Interuniversitario do SUG (CISUG)	500.000,00	422.091,66	398.637,33
Vicerreitoría de estudantes. Programa USC Banco Santander	0,00	1.000,00	1.000,00
Mellora empregabilidade. Programa USC Banco Santander Catedras		19.000,00	
Axudas doutoramento Fundación José Otero e Carmela Martínez	0,00	36.000,00	21.430,00
Axudas doutoramento humanidades, Legado César García Or	0,00	37.576,00	0,00
Axudas extraordinarias por causasa sobrevividas	55.000,00	5.000,00	562,75
Consello Social. Accións de retención de talento	10.000,00	10.000,00	4.000,00
Consello Social. Outras axudas	16.500,00	19.500,00	15.000,00
Consello Social. Axudas competitivas	50.000,00	0,00	0,00
Xerencia. Bolsas transporte e residencias	600.000,00	487.240,91	486.699,55
Axudas para a manutencion do alumnado		150.000,00	
Subvención achega da USC a UNINOVA	58.000,00	37.966,00	36.375,48
Subvención explotación UNIXEST (Casa Europa)	36.000,00	36.000,00	35.940,46
Axudas extraordinarias crise COVID-19	0,00	32.000,00	20.091,48
TOTAL CAPÍTULO IV	3.999.625,00	5.438.502,99	4.324.563,39

Cadro 38

A táboa seguinte permite apreciar a evolución deste capítulo:

2019	2020	2021	2022
3.657.190,80	2.699.579,52	4.050.432,97	4.324.563,39

Cadro 39

CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

O capítulo VI comprende os créditos que se destinan a investimentos, tanto materiais (edificios, mobiliario, equipamento científico, etc), como inmateriais (actividades de I+D+i en xeral).

A maioría dos créditos que forman parte deste capítulo, en particular os de I+D+i, teñen carácter de afectado, polo que os ciclos de gasto están moi determinados polo financiamento externo obtido para esta finalidade.

Concepto orzamentario	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas recoñecidas
620. Edificios e outras construcións	276.930,00	400.252,80	-
621. Edificios proxectos	-	320.496,24	431.669,79
623. Infraestrutura de investigación	-	8.166.777,90	1.854.789,49
624. Maquinaria, instalacións e utillaxe	-		
626. Moblaxe e equipamento	1.939.350,00	4.076.793,95	2.720.400,89
627. Fondos biblioteca			1.415,37
630. Reparacións, ampliacións e mellora edificios	7.277.300,00	9.116.192,06	7.683.092,91
640. Investigación xeral e programas RRHH I+D	9.446.600,00	33.178.192,85	22.741.832,79
641. Proxectos investigación	48.800.000,00	65.029.511,13	34.013.208,77
642. Convenios e contratos de investigación	8.500.000,00	19.139.345,49	7.989.748,25
643. Reunións científicas	-	1.059.694,48	936.526,55
644. Proxectos de cooperación	-	568.754,31	260.548,17
TOTAL	76.240.180,00	141.056.011,21	78.633.232,98

Cadro 40

As obrigas nas partidas de obra e nas actividades singulares de I+D (proxectos de investigación imputados, respectivamente, nos conceptos 630 e 641) experimentaron en 2022 un leve incremento con respecto ao ano 2021.

No cadro seguinte preséntase a información a nivel de concepto de gasto desde o exercicio 2019 a 2022. Para unha mellor comprensión, indícase que o concepto 620 se dividiu en dous no ano 2020, diferenciando así o investimento en obra nova (620) e as actuacións de reparación e mellora (630), coherente coa clasificación económica do gasto da Comunidade Autónoma.

Informe de xestión 2022

Concepto económico		2019	2020	2021	2022
620	Edificios e outras construcións	2.736.788,90	18.752,24	268.791,07	
630	Reparación, ampliacións e mellora edificios	-	3.448.432,00	10.271.794,02	7.683.092,91
621	Edificios proxectos	40.817,83	54.765,99	183.061,69	431.669,79
623	Infraestrutura de investigación	3.419.160,85	4.651.628,46	5.480.163,32	1.854.789,49
624	Maquinaria e ferramenta	2.003,89		139.992,76	0,00
626	Moblaxe e equipamento	2.203.524,72	2.057.623,94	3.397.262,55	2.720.400,89
627	Fondos biblioteca				1.415,37
640	Investigación xeral	15.228.830,75	15.125.299,49	17.882.479,44	22.741.832,79
641	Proxectos I+D+i	29.985.817,71	27.093.679,04	32.722.279,95	34.013.208,77
642	Convenios e contratos de I+D+i	9.524.193,64	7.555.344,62	8.633.367,94	7.989.748,25
643	Reunións científicas	560.935,68	272.906,63	356.962,31	936.526,55
644	Proxectos de cooperación	-	-	74.431,17	260.548,17
INVESTIMENTOS REAIS		63.702.073,97	60.278.432,41	79.410.586,22	78.633.232,98

Cadro 41

CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS

As obrigas do capítulo VIII “Variación de activos financeiros” recollen as obrigas realizadas para a adquisición de participación en entidades, así como as achegas a sociedade xestora de intereses da USC (UNIXEST).

Concepto económico	2022
Achegas ao capital de sociedades mercantís participadas	861.064,00

Cadro 42

CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS

As obrigas do capítulo IX “Variación de pasivos financeiros” representan amortizacións realizadas de préstamos bancarios ou anticipos reembolsables recibidos para programas de infraestruturas de I+D no pasado. Polo tanto, as cifras que aquí se recollen como obrigas contraídas reducen a débeda total da Institución.

Como observación salientable, as partidas do capítulo IX recollerían tamén amortizacións en formalización de débeda, é dicir, conversión de anticipos a conta das axudas FEDER en subvencións, logo de xustificar as axudas e da comunicación oportuna do organismo financiador.

Na memoria da conta anual infórmase máis extensamente destas operacións e da débeda bruta (a débeda reflectida nas contas contables) e da neta (a que efectivamente hai que devolver) da USC.

Concepto económico	2019	2020	2021	2022
Amortización de préstamos bancarios	1.813.731,32	1.962.676,74	1.841.931,98	1.856.465,98
Devolución e reintegros anticipos I+D	937.124,10	1.827.689,17	1.322.321,88	1.196.205,10
DÉBEDA TOTAL AMORTIZADA	2.750.855,42	3.790.365,91	3.164.253,86	3.052.671,08

Cadro 43

COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA 2022

As probas de avaliación do bacharelato para o acceso á Universidade –incluídas as de maiores de 25 anos– son organizadas dende 1993 pola CIUG (Comisión Interuniversitaria Distrito Universitario Único de Galicia), que está encargada de realizar as operacións contables de gastos e ingresos en representación das tres Universidades de Galicia. Para estes efectos, existe un convenio coas Universidades da Coruña e Vigo e, no que se reflicte a operativa de rendición de contas unha vez rematadas as probas. No orzamento da USC só quedaría contabilizada a parte alícuota correspondente da diferenza entre ingresos e gastos das probas.

A achega da USC para contribuír aos gastos da CIUG queda reflectida no capítulo IV do orzamento, transferencias correntes, nunha partida específica de subvención, que en 2022 foi de 130.000,00 euros.

Os datos que figuran nas dúas táboas seguintes corresponden aos ingresos e gastos do exercicio, de acordo coa información subministrada pola CIUG.

Partidas	2019	2020	2021	2022
Prezos públicos acceso maiores 25/45 anos	5.093,62	5.061,78	5.348,31	4.329,89
Prezos públicos ABAU	827.758,16	919.970,03	906.403,13	880.151,20
Achegas da Universidade da Coruña	99.977,99	127.639,01	121.269,35	110.962,63
Achegas da Universidade de Santiago de Compostela	99.977,98	120.000,00	128.908,36	110.962,63
Achegas da Universidade de Vigo	99.977,99	120.000,00	120.000,00	119.870,99
Subvención da comarca de Viveiro	12.640,15	12.640,15	12.640,15	12.640,15
Subvención da comarca de Cee	17.190,50	12.355,00	12.355,00	12.355,00
Subvención da comarca de A Rúa	0,00	11.137,40	22.274,80	11.187,40
TOTAIS:	1.162.616,39	1.328.803,37	1.329.199,10	1.262.459,89

Cadro 44

Partidas	2019	2020	2021	2022
Atencións protocolarias	1.950,89	329,59	859,05	480,00
Axudas de custo e locomoción	178.318,68	203.082,55	201.089,51	190.112,28
Comunicacións	3.643,88	2.402,10	3.010,02	3.075,58
Devolucións prezos públicos	2.292,11	2.737,26	4.700,92	1.591,77
Información e divulgación	2.506,44	0,00	223,55	0,00
Material funxible	49.519,38	89.557,17	58.071,08	75.768,27
Material inventariable	19.211,44	10.863,12	16.388,57	8.856,76
Reparacións e mantemento	840,23	268,76	0,00	887,63
Retribucións	717.989,98	833.641,85	855.244,61	793.427,48
Traballos realizados por outras empresas	178.887,37	179.651,15	180.419,19	179.269,53
Transportes	7.455,99	6.269,82	9.192,60	8.990,59
TOTAIS:	1.162.616,39	1.328.803,37	1.329.199,10	1.262.459,89

Cadro 45

PAGAMENTOS DE EXERCICIOS PECHADOS

A 31/12/2022 quedaban pendentes de pagamento obrigas imputadas ao exercicio de 2022 por importe 10,31 millóns de euros (16,18 no exercicio anterior). Na táboa seguinte infórmase desas operacións por capítulo de gastos:

Capítulo	Obrigas de 2018 pagadas en 2019	Obrigas de 2019 pagadas en 2020	Obrigas de 2020 pagadas en 2021	Obrigas de 2021 pagadas en 2022	Obrigas de 2022 pagadas en 2023
I. Gastos de Persoal	1.388.431,90	1.501.354,55	1.578.333,10	1.620.240,57	1.715.774,62
II. Bens correntes e servizos	3.753.671,82	4.775.031,47	7.163.646,32	6.820.112,16	3.482.941,46
III. Gastos Financeiros	819,81	315,69	5.029,32	390,87	35.680,51
IV. Transferencias correntes	7.776,00	14.734,82	4.844,71	115.431,87	107,58
VI. Investimentos Reais	3.631.316,46	5.314.761,37	6.314.659,14	7.459.644,88	4.790.594,32
IX. Pasivos financeiros	-	166.249,74	-	166.249,74	282.761,43
TOTAIS	8.782.015,99	11.772.447,64	15.066.512,59	16.182.070,09	10.307.859,92

Cadro 46

Mes de pagamento (ano posterior ao exercicio económico)	Obrigas de 2018 pagadas en 2019	Obrigas de 2019 pagadas en 2020	Obrigas de 2020 pagadas en 2021	Obrigas de 2021 pagadas en 2022	Obrigas de 2022 pagadas en 2023
Xaneiro	4.657.898,70	2.848.394,39	4.210.624,25	3.235.608,86	6.393.071,46
Febreiro	4.088.047,06	7.497.047,69	5.078.645,74	6.245.074,97	3.914.788,46
Marzo	36.070,23	1.427.005,56	5.617.013,12	4.488.726,13	
Abril			160.229,48	2.212.660,14	
TOTAIS	8.782.015,99	11.772.447,64	15.066.512,59	16.182.070,09	10.307.859,92

Total obrigas do exercicio	246.559.948,30	250.633.830,83	248.371.224,25	271.051.560,10	279.093.532,26
----------------------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------

% en exercicios pechados	3,56%	4,70%	6,07%	5,97%	3,69%
--------------------------	-------	-------	-------	-------	-------

Cadro 47

O total de obrigas contraídas no exercicio foi de 279,09 millóns de euros, do que se deduce que un 3,69% do gasto foi materialmente pagado no exercicio seguinte.

Os datos anteriores están expresados en importes que se imputan ao orzamento de gasto, é dicir, base impoñible da operación máis IVE non recuperable. A cifra bruta de gastos de 2022 que se pagaron materialmente en 2023 (imputado á tesouraría) foi de 10,31 millóns de euros.

4. RESULTADOS ORZAMENTARIOS

4. RESULTADOS ORZAMENTARIOS

ESTADO DA TESOURARÍA

O movemento xeral da tesouraría durante o exercicio foi como segue:

CONCEPTO		IMPORTES
1.- COBROS		1.078.381.579,15
	Do orzamento corrente	244.703.823,38
	De orzamentos pechados	41.804.896,51
	De operacións non orzamentarias	791.872.859,26
2.- PAGAMENTOS		1.080.121.986,75
	Do orzamento corrente	268.785.672,34
	De orzamentos pechados	16.182.070,09
	De operacións non orzamentarias	795.154.244,32
I.- Fluxo neto de tesouraría do exercicio (1-2)		-1.740.407,60
3.- Saldo inicial de tesouraría		3.368.741,66
ii.- Saldo final de tesouraría (I+3)		1.628.334,06

Cadro 48

Nota: As elevadas cifras de cobros e pagamentos por operacións non orzamentarias resultan da operativa do sistema de contabilización no programa SIC-3 (sistema de información contable) dos cobros que, antes da súa aplicación ao orzamento de ingresos, son automaticamente contabilizados de xeito transitorio en operacións non orzamentarias e, do mesmo xeito, as operacións de gasto en formalización (sen saída material de fondos). Para estes efectos interesa destacar que o resultado aritmético final é correcto.

O fluxo neto de tesouraría das operacións realizadas no exercicio foi negativo, superando os pagamentos aos cobros en 1,74 millóns de euros. Para atender as necesidades de pagamento durante o exercicio subscribiuse unha póliza de crédito que, a 31/12/2022, tiña un saldo disposto de 3,5 millóns de euros.

O saldo final de tesouraría (1,63 millóns) está composto polo saldo das contas de anticipos a xustificar (contas bancarias descentralizadas), por un importe de 455.495,67 euros, e o saldo das contas bancarias operativas, por 1.172.838,39 euros.

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA

Nos cadros económicos e na memoria da conta anual infórmase do cálculo do remanente de tesouraría do exercicio. A cifra resultante (41,72 millóns) representa a tesouraría de que dispoñería a USC se todos os cobros e pagamentos pendentes se fixeran efectivos a 31/12/2022. A este importe debe deducírselle o saldo de dubidoso cobro (0,73 millóns)

O remanente de tesouraría así obtido serve para financiar parte dos créditos comprometidos ou específicos que se incorporan ao exercicio 2023 (57,49 millóns). Para habilitar o resto dos créditos afectados, por importe de 16,50 millóns, é preciso facer as dotacións orzamentarias en 2023 con cargo aos fondos de cursos e actividades de investigación do orzamento ordinario deste último ano.

ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA

CONTAS	CONCEPTOS	2022	2021
57, 556	1. (+) Fondos líquidos	1.628.334,06	3.368.741,66
	2. (+) Dereitos pendentes de cobro	68.236.252,19	66.483.272,06
430	(+) do orzamento corrente	45.883.075,34	45.879.695,48
431	(+) de orzamentos cerrados	12.461.510,12	9.445.495,45
440,449,470,472	(+) de operacións non orzamentarias	9.891.666,73	11.158.081,13
435,436	(+) de operacións comerciais		
	3. (-) Obrigas pendentes de pagamento	20.946.984,64	32.961.612,39
400	(+) do orzamento corrente	10.307.859,92	16.182.070,09
401	(+) de orzamentos cerrados		
167, 168, 180, 185, 410, 412, 419, 453, 456, 475, 476, 477, 517, 518, 550, 560, 561	(+) de operacións non orzamentarias	10.639.124,72	16.779.542,30
405,406	(+) de operacións comerciais		
	4. (+) Partidas pendentes de aplicación	-7.198.402,72	-5.605.784,58
554,559	(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-7.198.402,72	-5.605.784,58
555,5581,5585	(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
	I. Remanente de tesouraría total (1 + 2 - 3 + 4)	41.719.198,89	31.284.616,75
	II. Exceso de financiamento afectado	57.487.829,57	46.218.463,46
295,298,490,595,598	III. Saldos de dubidoso cobro	736.886,44	509.312,39
	IV. Remanente de tesouraría non afectado (I - II - III)	- 16.505.517,12	- 15.504.658,37
	Remanente de tesouraría axustado	40.982.312,45	30.775.304,36

RESULTADOS

O **resultado orzamentario** do exercicio 2022, expresado en termos de dereitos recoñecidos menos obrigas contraídas no exercicio, foi de 11.493.366,47 euros, e o resultado non financeiro de 3.576.484,18 euros.

Non se expresan aquí os posibles axustes que cumpriría facer seguindo os criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), por se tratar de información da que non dispón a USC. Estes axustes derivanse basicamente de que, aos dereitos recoñecidos pola Universidade, habería que descontarlle aqueles fondos que os pagadores (organismos autonómicos e organismos estatais) non consignaron como obrigas no mesmo exercicio, senón no seguinte.

A pesar de que o resultado se expresaría de maneira global para todos os créditos da USC, da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira derivase que, nos créditos das entidades, é preciso facer unha diferenciación entre aqueles afectados ou finalistas e o que se financian con fondos propios.

Resulta de interese dividir os dereitos e obrigas en afectados e non afectados. Así, con todas as cautelas e limitacións que ten a actual clasificación dos créditos e as ferramentas de xestión dispoñibles, o resultado da execución orzamentaria sería o seguinte, como se ten expresado nos apartados 2 e 3 deste informe:

Tipo de créditos / Execución orzamentaria	Dereitos recoñecidos	Obrigas contraídas	Resultado orzamentario
Créditos afectados	80.982.337,60	70.471.735,13	10.510.602,47
Créditos non afectados	209.604.560,65	208.621.797,12	982.763,53
Créditos totais	290.586.898,25	279.093.532,25	11.493.366,00

Cadro 50

Como pode verse, no conxunto dos créditos afectados por ingresos finalistas, o gasto foi moi inferior aos ingresos; isto sucede pola recepción nun exercicio de fondos que deben executarse en exercicios posteriores. Un caso ilustrativo son as axudas para proxectos e infraestruturas de I+D financiadas pola Axencia Estatal de Investigación. Pola contra, no conxunto dos créditos non finalistas os dereitos recoñecidos no exercicio foron similares ás obrigas contraídas.

5. ACTIVIDADE DE I+D+i

5.1. RECURSOS CAPTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D


A modo de resumo, no cadro que se mostra a continuación indícase a evolución global do número de actividades de I+D e das principais magnitudes económicas.

	2018	2019	2020	2021	2022
Número de actividades vixentes	1.874	2.239	2.122	2.110	2.147
Importe dotado no orzamento do exercicio	60.383.642	66.499.724	59.207.730	74.151.187	80.880.407
Dereitos recoñecidos no exercicio	64.594.759	65.315.405	55.641.862	76.938.534	80.899.830
Facturado no exercicio	10.732.950	9.670.564	9.443.169	9.234.085	9.105.937
Cobrado exercicio (do facturado no exercicio)	9.301.177	8.090.663	8.359.210	7.958.408	7.570.068

Cadro 51. Fonte: Área xestión da investigación


Os dereitos recoñecidos en 2022 por actividades con financiamento externo ascenderon a 80,89 millóns de euros.

Como pode apreciarse na gráfica, isto supón un incremento con respecto ao ano 2021. Para unha referencia máis coherente debemos considerar o exercicio 2020 como unha excepción na serie histórica, por mor do efecto da pandemia. Obviando o ano 2020, obsérvase unha senda de incremento dende o ano 2018.




Cadro 52

Os ingresos (dereitos recoñecidos) están directamente ligados aos créditos dotados para gastos, dado que son ingresos finalistas ou afectados. Porén, esta correlación non se circunscribe a un período anual, senón que hai oscilacións en función do momento de recepción dos fondos. Na seguinte gráfica poden apreciarse esas oscilacións así como as tendencias.



Cadro 53

Dado que estes datos poden experimentar variacións puntuais nun exercicio, por circunstancias case sempre alleas, é conveniente observar a tendencia nun período de tempo amplo, superior á duración media dos proxectos de investigación, que adoita ser de tres anos.



Cadro 54

Para estes efectos, consideramos como actividade de I+D calquera tipo de actuación singular, que teña como responsable un membro do PDI da Universidade, e teña un financiamento específico e unha duración no tempo determinada (proxectos competitivos de I+D, contratos con entidades externas para a realización de traballos científicos, informes, proxectos, etc, no ámbito da I+D+i).

No seguinte cadro detállanse os recursos captados para financiar actividades de I+D+i, diferenciando estas pola súa tipoloxía, de acordo co rexistro da propia Universidade.

Informe de xestión 2022

Tipo Actividade	Número Actividades Vixentes	Recursos Captados Actividades Vixentes (calquera exercicio)	Recursos Captados Exercicio	Crédito dotado no exercicio	Dereitos Recoñecidos Exercicio	Cobrado Exercicio sobre Recoñecido Exercicio	Cobrado Exercicio sobre Recoñecido Exercicios Anteriores	Facturado Exercicio	Cobrado Exercicio sobre Facturado Exercicio
Actividades de Promoción da Ciencia	74	13.621.439,94	12.366.001,32	1.722.237,12	1.707.725,14	158.655,67	2.741.230,25	74.793,39	50.000,00
Financiamento de Grandes Infraestruturas	16	8.347.788,77	0,00	4.384.440,29	4.384.440,29	4.384.440,29	4.792.199,81	0,00	0,00
Actividades de Transferencia do	58	1.259.076,81	7.054,66	110.367,47	98.010,52	96.979,32	14.477,37	98.010,52	96.979,32
Contratos con empresas	411	19.853.079,49	3.809.114,10	3.827.141,61	3.773.774,12	3.267.379,24	527.283,13	3.662.354,68	3.204.632,49
Proxectos Entidades sen ánimo de lucro	115	4.172.951,47	522.853,78	1.196.392,57	1.208.115,86	1.177.175,31	43.518,18	1.191.091,43	1.161.745,05
Convenios Entidades Públicas	353	21.456.595,39	6.412.358,19	7.719.651,21	7.681.148,77	1.888.931,55	2.042.141,31	2.032.958,40	1.487.045,46
Actividades RR.HH. no eido do Plan Galego	24	37.678.163,38	11.191.979,33	7.503.190,66	7.757.849,85	2.260.462,33	3.227.998,27	0,00	0,00
Actividades RR.HH. no eido de Programas Internacionais	4	1.424.760,81	469.246,56	345.243,55	395.200,79	305.010,26	0,00	0,00	0,00
Actividades RR.HH. no eido do Plan	40	48.866.802,12	8.742.640,63	9.565.944,00	10.280.074,51	6.588.534,54	2.248.071,70	0,00	0,00
